

Lugo, 24 de xullo do 2024



Queridas familias, alumnos e profesores,
Como cada mes de xullo, e coincidindo co 24, día de M^a Auxiliadora, saudámosvos e enviámosvos unhas informacións de interese.

Este saúdo veraniego desexamos que chegue alí onde vos atopedes, e que estedes ben, relaxados e recuperando forzas, para seguir camiñando. As vacacións son tempo privilexiado para favorecer o descanso físico, pero tamén para a restauración interior. As condicións habituais de vida, as veces frenéticas, nos deixan pouco espazo para o silencio, para a reflexión, para o contacto coa natureza, para o coidado das relacións e das persoas, para a oración, a lectura e a meditación sobre o sentido profundo da vida.

O tempo de vacacións ofrece oportunidades únicas para contemplar o espectáculo da natureza; no contacto con ela, a persona redescúbrese, e

dunha forma casi natural ábrese á alabanza e á oración.

Aproveitemos o verán para coidarnos e disfrutar da familia e dos amigos.

Informacións:




Continuamos fomentando a **mellora dos idiomas** no centro. Como saberedes, este curso avanzamos de nivel BEDA, estamos no nivel 2 BM, o que significa importantes cambios que benefician, cada día, a ensinanza e a aprendizaxe das linguas estranxeiras no noso colexio.

Shanon, a **auxiliar nativa de Estados Unidos** continuará con nós o próximo ano en varios cursos das **tres etapas**. Tamén teremos novas seccións bilingües de Ed. Física en 1^o e 2^o de EP. Así haberá seccións bilingües en todos os cursos de EP: 1^o, 2^o, 5^o e 6^o na materia de ED. Física e en 3^o e 4^o en plástica.

Seguimos a mellorar e profundizar na **acción titorial**. Queremos colaborar coas familias, axudar na fermosa tarefa da educación dos fillos e fillas, funcionar como un equipo coordinado de centro. A formación dos equipos docentes e o traballo cos alumnos a nivel evolutivo, social, emocional e pedagóxico é un distintivo do noso colexio.

Estamos **mellorando e renovando as instalacións como cada verán**, empregando este tempo no que as clases están vacías para pintar aulas das tres etapas, especialmente en Infantil, reparar e prevenir humidades e rematar o acondicionamento da biblioteca.



Seguimos traballando no plan de **formación do profesorado** destacando a de **altas capacidades, avaliación formativa, competencia dixital, inglés** e traballo e reflexión sobre a **liña pedagóxica do centro**.

Hai un cambio no equipo de coordinación, Patricia Argüeso remata na coordinación de Infantil, agradecemos a súa tarefa, implicación e bo facer, a profesora que asume o relevo no cargo é Raquel, dámoslle a benvida no equipo de coordinación pedagóxica.

Lembramos os horarios para facilitar a **conciliación: entrada** dende as 7:30, **ludoteca** “tardes divertidas” para alumnos de 4º de EI a 3º de EP, e as **extraescolares** (todo na web do colexio)

COMUNICACIÓNS SOBRE O MES DE SETEMBRO

- Día 2. **Comezo do curso**
8:45 Equipo directivo
9:30 Equipo de coordinación pedagóxica.
10:30 Profesorado
- Día 5. **Reunión de comedor e atención temperá ás 17,00.** Neste encontro informarase dos servizos e daranse as fichas de inscrición que despois se entregarán na administración do colexio.
 Salón de actos do colexio.
- Día 9. **17:00 Reunión de pais de 4º ed. Infantil (3 anos)**
18:00 Reunión de pais de 5º ed. Infantil (4 anos).
18:00 Reunión de pais de 6º ed. Infantil (5 anos).
- Día 16. **16:30 Reunión de pais de 1º, 2º e 3º de Primaria**
17:30 Reunión de pais de 4º, 5º e 6º de Primaria
- Día 17. **16:30 Reunión de pais de 1º e 2º da ESO**
17:30 Reunión de pais de 3º e 4º da ESO

COMEZO DAS CLASES:

- Día 11. Comezo das clases para **Educación Primaria.**

ENTRADA

10:00 h. 5º e 6º
 10:10 h. 3º e 4º
 10:20 h. 1º e 2º

SAÍDA

13:50 h. 1º e 2º
 13:55 h. 3º e 4º
 14:00 h. 5º e 6º

Entrada e saída pola porta de RAMÓN FERREIRO.

- Día 11. Comezo das clases para **Educación Infantil**.
Entrada e saída pola porta de MARINA ESPAÑOLA.

Alumnos de 3 anos:

Días 11, 12 e 13 1ª quenda 10,30 h. e 2ª quenda 12:30h.

Días 16 e 17 todos xuntos de 10:00 h. a 13:00 h.

Do 18 ao 27 de setembro a entrada será flexible, poden entrar ás 9:00 ou 10:00 h. e saír ás 13:00 ou 14:00 h.

* Se alguén ten alguna dúbida ou dificultade, que pase polo colexio os primeiros días de setembro para informarse.

- Día 11. **Alumnos de 4 anos (5º EI):** Entrada o día 11 de setembro ás 11h. Saída 13:50 h.
Alumnos de 5 anos (6º EI): Entrada o día 11 de setembro ás 12h. Saída 13:45 h.

- Día 11 **Inicio servizo de comedor.** (Reunión informativa o día 5 ás 17:00 h.)

- Día 12 **Comezo do servizo de atención temperá.** Os pais que queiran inscribir aos seus fillos deberán pasar pola administración para realizar a inscrición a partir do **5 de setembro**.

Importante a ter en conta:

- **Modalidade tradicional:** Tódolos días de 7:45 a 9:00.

- **Modalidade “ Breakfast English ”** clase de inglés con profesora nativa de 8:00 a 9:00 dous días á semana.

Ubicación no salón de actos EI, 1º e 2º de EP

Comedor desde 3º de EP

- Día 11. **Comezo das clases** para os alumnos de **ESO**.
Entrada por RAMÓN FERREIRO e saída por MARINA ESPAÑOLA.

Ás 11:00 h. 1º de ESO.

Ás 11:00 h. 2º de ESO

Ás 11:30 h. 3º de ESO.

Ás 11:30 h. 4º de ESO

Saída ás 14:00 horas en orden de 4º a 1º da ESO.

- **Horario do curso:**

Ed. Infantil e Primaria de 9:00 a 14:00

ESO:

Lunes e martes de 8:25 a 15:00

Mércores, xoves e venres de 8:25 a 14:00

Non haberá clase pola tarde

- Actividades extraescolares.

Comezarán en **outubro** salvo **Baloncesto, fútbol e inglés** que comezarán en **setembro**. Os alumnos **poden probar as actividades** nas primeiras **dúas sesións de forma gratuita**. Tedes na **web os horarios, a oferta e a preinscripción**.
Inscripcións a partir do 2 de setembro.

RECORDADE: a **compra de libros** pode facerse **no colexio** de forma máis económica, rápida e cómoda, ocupámonos de todo.

Venta de **equipación deportiva** na portería do colexio.

***O colexio pechará do 4 ao 25 de agosto, abrimos o luns 26 de agosto.**

Toda a información que necesidades está en: www.mauxiliadoralugo.es

Saúdos e bo verán!

Ana M^a Rodríguez Rey
Directora titular

